

## DESENVOLVEMENTO LOCAL

### Creación dun servizo municipal de intermediación laboral

O Concello de Moeche aprobou no último Pleno unha ordenanza que pon en marcha un servizo coa finalidade de que as persoas empadroadas en Moeche poidan inscribirse nunha base de datos municipal e dese xeito poder ofrecerlles desde o Concello a información que nos chegue de ofertas de emprego, cursos de formación, axudas ou outros asuntos en materia de emprego e promoción económica.

Tamén se poderán inscribir os particulares, empresas ou entidades que abran procesos de contratación ou oferten traballo.

**Persoas destinatarias:** maiores e 16 anos, persoas desempregadas ou ocupadas que desexen mellorar a súa situación laboral.

As persoas interesadas deberán inscribirse no Rexistro municipal, cubrir uns formularios e achegar a documentación requirida (currículo, carnés profesionais, experiencia laboral, formación ou calquera dato que consideren útil para o traballo).



### Creación dunha bolsa de emprego para auxiliares de axuda no fogar (SAF)

Moeche crea unha bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar para cubrir mediante contratación temporal as posibles baixas por enfermidade, permisos, vacacións ou ben para nomeamentos de persoal interino.

Conforme á lexislación vixente, será requisito indispensable estar en posesión do certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda a domicilio ou do certificado de profesionalidade de atención socio sanitaria a persoas dependentes no domicilio ou atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.

- **As persoas interesadas poderán inscribirse na Casa do Concello do 5 ao 19 de xullo**, de luns a sábado en horario de 08.30 a 14.00 horas.

Para máis información podese consultar a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia, do luns 4 de xullo de 2016, BOP núm. 125 [http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2016/07/04/2016\\_0000005512.html](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2016/07/04/2016_0000005512.html) ou ben chamar ao Concello, departamento de Servizos Sociais 981 404 006



## CONVENIO PARA TRES ANOS COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO RURAL

O Concello de Moeche asina un convenio por tres anos polo que percibirá 9.757,50 €, cada anualidade 2016, 2017 e 2018. Estas cantidades axudarán parcialmente a sufragar os gastos de persoal, combustible e mantemento e reparación de avarías da maquinaria. O obxectivo é colaborar na prevención de incendios forestais que se concreta na realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado isto é, a limpeza de beiravías e desbroce en 75,00 hectáreas do termo municipal. As principais tarefas deberán atender ao previsto na planificación do Distrito Forestal en materia preventiva.



## DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO

### PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A Deputación da Coruña aprobou un novo Plan de Emprego Local que presenta diferentes novidades respecto ao dos anos anteriores. O Concello de Moeche recibe a cantidade de **19.000 €**, o que supón un incremento de máis de 10000€ respecto ao pasado ano. Permite convocar 3 prazas temporais:

- conductor tractorista 4 meses; albanel, 4 meses e medio; peón, 4 meses e medio.

O Concello, como todos os anos, **solicitoulle á oficina do INEM que nomease as persoas que poden optar a esta oferta e á vez fíxo pública a oferta.**

As persoas inscritas, ademais de estar desempregadas, deben formar parte dun destes grupos establecidos pola Deputación.

Mulleres ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes;

- Maiores de 45 anos ;
- Persoas con discapacidade: nun grao igual ou superior ao 33%.

- Persoas desfavorecidas nalguna das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental,

- Parados de longa duración. Aos efectos deste programa se considerarán como parados de longa duración aquelas persoas que leven mais de dous anos como mínimo como demandantes de emprego.

- Persoas vítimas de violencia de xénero.

As persoas seleccionadas polo INEM e inscritas nas convocatorias realizaron as probas o 4 de xullo, probas que foron cualificadas **por un tribunal composto exclusivamente por persoal funcionario e laboral. Ningún cargo político forma parte do tribunal cualificador**; os cargos políticos se o desexan, poden ser observadores no proceso de selección, **pero sen voz nin voto**. O Concello invitou a un representante de cada grupo municipal a participar como observador no proceso de selección.

### CONTRATACIÓN PERSOAL RISGA

O Concello de Moeche conseguiu unha subvención da Xunta de Galicia para a a contratación de persoas do municipio que sexan perceptoras dunha axuda RISGA, por un periodo de 7 meses nunha xornada de 4 horas.



## Obras e Servizos

### Plan de Obras e Servizos

O pasado mes de maio inciou a licitación das obras nas pistas incluídas no POS 2016 con apertura pública das ofertas presentadas. A adjudicación definitiva aprobouse en Xunta de Goberno Local e as obras comezarán nos vindeiros días .

Obra	Importe saída	Empresa adjudicataria	Financiamento
1 Pista de acceso a San Xiao de Abaixo	<b>49.047,49€</b>	Costrucciones Mantiñán	Deputación da Coruña 100%
2 Pista de acceso San Xiao de Arriba			
3 Pista de acceso San Xiao de Arriba			
4 Pista Lavandeira – Abade			
5 Pista acceso a Trieiro	<b>47.502,99€</b>	J. M.Piñeiro López	
6 Pista acceso a casas Liboreiro			
7 Acondicionamento do tellado das gradas do campo de fútbol			
8 Pista da Pontenova			

### Plan Marco de AGADER para a mellora de camiños municipais de acceso a explotación agrarias.

Aprobado polo AGADER o programa de obras presentado polo Concello, **iniciase este mes a contratación das obras nas pistas incluídas**. O programa condiciona a elección de pistas a que sirvan de acceso para explotacións ou parcelas agrícolas. Seleccionáronse pistas que foron demandadas nas asembleas veciñais

A empresa que resulte adjudicataria deberá acometer as obras **nos meses de agosto e setembro e deben estar remataas antes do 30 de setembro deste ano.**

Obra	Importe	Financiamento
1 Beleiriz-Pardiñas	<b>67.260,27€</b>	AGADER e Fondos europeos: 55587,00€ Concello de Moeche 11673,27
2 Da estrada das Somozas ao Foxo,		
3 A Veiga		
4 Suomonte - Senra		
5 Camiño da Rega a Casalousada		

### PAS 2016

Os proxectos das obras incluídas polo Concello no PAS 2016 da Deputación foron aprobadas no Pleno da Deputación o pasado 30 de xuño e iso permite que desde o concello se inicie neste mes o procedemento de contratación.

Obra	Importe	Financiamento
1 Pista San Ramón –Balocos	<b>31208,12€</b>	Deputación da Coruña 100%
2 Acceso a Seoane (		
3 Pista de Vila – Pumariño		
4 Cunetas tramos Penasalbas e Requiá		
5 Pista Casalousada – Vigo		

## MEDIO AMBIENTE

### MOECHESÚMASE AO PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA

Co obxectivo de implantar este programa, que recupera unha vella tradición dos nosos concellos, a de aproveitar os residuos dos alimentos para o gando ou para fertilizar, **ábrese un prazo de inscrición para as persoas que desexen un composteiro e que deberán participar nun breve curso formativo impartido por Sogama no noso municipio.** O número de prazas e de composteiros é limitado. As vivendas participantes deben ser unifamiliares e dispoñer de horta ou xardín.

Para apuntarse cómpre chamar ao tfno. 981 404 006, de luns a venres, de 9.00 a 14.00 horas



## TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN

### CONVENIOS CON ASOCIACIÓNS CULTURAIS E DEPORTIVAS

Apoiar as entidades e asociacións que desenvolven singulares e permanentes actividades culturais, educativas ou deportivas é un dos principios de actuación do Concello de Moeche dentro dos recursos económicos municipais e do establecido por lei. De aí que, á parte da convocatoria de subvencións a entidades, por primeira vez se firmen convenios de colaboración coas seguintes entidades, o que permite establecer un axuda anual de carácter legal:

- O pasado 8 de xuño asinouse o **convenio coa A.D.C. Moeche**, representado polo vicepresidente Alberto Piñón García, **cunha colaboración de 1000 €** para sufragar os gastos de participación do equipo na competición federada e un conxunto de compromisos mutuos.
- O 30 de xuño na Casa do Concello asinouse o Convenio coa **Asociación Automobilística Moeche**, representado no acto de sinatura polo seu presidente, Moisés García, para os gastos da organización do III Slalom Concello de Moeche por importe **de 2500 €** e colaboración mediante a achega de material, vallas, locais municipais, cisterna, moto-bomba, membros protección civil, trofeos, por parte do Concello.

## CULTURA E DEPORTES

### AULA TIC

Novo curso no mes de xullo na Aula TIC municipal, *Introdución á informática e a Internet.*

Información:

Casa do Concello 981 404 006.

Inscrición: 981 404 006

ou [correo@moeche.es](mailto:correo@moeche.es)



**Deputación DA CORUÑA** **MOECHE CONCELLO**

**AULA TIC DO CONCELLO DE MOECHE**  
**CURSO GRATUÍTO**  
**"INICIACIÓN Á INFORMÁTICA E INTERNET"**  
(Uso básico do ordenador, busca de información na Internet, vídeos, mapas, rutas...)

**Datas:** 7-14-21-28 de xullo  
**Horario:** 10:00 a 13:00  
**Duración:** 12 horas  
**Nº Prazas:** 10

**Información e reservas:**  
Aula TIC do Concello de Moeche  
Rúa da Feira núm. 32 - San Xoán  
Tif: 981404 006  
E-mail: [correo@moeche.es](mailto:correo@moeche.es)

## ESCOLAS DEPORTIVAS DE VERÁN

O pasado 17 de xuño remataron as escolas deportivas municipais e a partir do 1 de xullo deron comezo as escolas deportivas de verán.

### TENIS E NATACIÓN. INFANTIS

Para nen@s e moz@s ata os 16 anos, durante todo xullo e agosto, impartiranse clases de tenis nas pistas de Abade e clases de natación na piscina municipal situada na Área Recreativa Souto Grande (San Xurxo).

### Horarios e prezos :

TENIS	NATACIÓN
TODOS OS LUNS DE 11.00 A 12.00 E DE 12.00 A 13.00 h	TODOS OS LUNS, MÉRCORES E VENRES DE 12.00 A 13.00 h
7€ UN MES / 12€ DOUS MESES	12€ MES / 20€ DOUS MESES



### NATACIÓN E XIMNASIA AO AIRE LIBRE. ADULTOS (maiores de 16 anos)

OS maiores de 16 anos, durante xullo e a Agosto, terán natación e ximnasia ao aire libre (mantemento, pilates, aparatos biosaludables,...) nas inmediacións da casa do concello. Os Prezos e horarios son os seguintes:

XIMNASIA AO AIRE LIBRE	NATACIÓN
MARTES E XOVES DE 10.00 A 11.00	LUNES, MÉRCORES E VENRES DE 11.00 A 12.00
ACTIVIDADE DE BALDE	15€ MES / 28€ DOUS MESES

**Inscrición:** no Departamento de Deportes situado no 2ª andar do Concello de Moeche ou chamar ao 981 404 006 para máis información.

## BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

### CAMPAMENTO **SEMENTEIRA**



Moeche conta por primeira vez cun campamento de verán que permitirá ás familias conciliar a vida familiar e laboral nas vacacións do verán, financiado pola Deputación da Coruña e o Concello.

**Persoas destinatarias:** nenas e nenos entre **3 e 12 anos**. **Duración:** xullo e agosto (**6 semanas**)

O campamento inclúe a **"inscrición gratuíta"** a 2ª quincena de agosto no curso de natación ou no de tenis". O campamento **Sementeira** tivo moi boa acollida e son 22 os nenos e nenas que participarán nun conxunto de actividades que terán como base o Pavillón municipal e saídas a diferentes puntos do municipio con actividades formativas e lúdicas que permitirán coñecer mellor o noso concello e adquirir coñecementos de forma divertida.

### Actividades:

Deportes, exhibición minimotos, plantación de árbores, xogos acuáticos na piscina, obradoiro de pesca no río, inglés,	tiro con arco, obradoiro de cociña, cine e teatro no Castelo, saída activa á feira, xornada na granxa,	obradoiro de pan en... , elaboración de xoguetes, visita á aula informática, ruta fotográfica polo Concello, obradoiro de química, etc
---	--	--

**Dúas saídas:** xornada de vela no **lago das Pontes** e excursión en tren ao **Museo de Ortegalia**.

E final de campamento **con festa na área recreativa municipal con inchables, música, xogos tradicionais e xornada de irmandade.**

## CINE AO AIRE LIBRE

**Data:** 17/07/2016 Hora: 22.15 h.

**Lugar:** Área recreativa Souto Grande (San Xurxo).

Apto para todos os públicos.

Este ano, grazas ao programa da Rede Cultural da Deputación da Coruña, poderemos ver dúas películas ao aire libre no noso concello. A primeira será **“Aviones: equipo de rescate”**, unha comedia de aventuras apta para todos os públicos. Animádevos a vir pasar unha noite de aventuras !!!



## ANDAINA POLAS TERRAS DE MOECHE. PARROQUIA DE SANTA CRUZ

**Data:** 30 de xullo. **Lugar:** Sta Cruz.

**Hora:** 10.00 ata 13.00 h

**Percorrido:** 6 quilómetros

Sairemos **ás 10.00 da Ermida**, (pódense deixar os coches no aparcadoiro da capela). Dende a Ermida dirección ao Vilar, logo cara ao Castro atravesando a estrada xeral. Volteamos pola Casanova e cara á igrexa, continuamos a Suomonte e unha vez alí dirixímonos cara a Vilazanche, xusto antes de chegar, xiramos a man esquerda baixando polas pistas forestais ata chegar de novo á Ermida. **Lembre traer chaleco reflector**, calzado cómodo e incluso un caxado ou bastón para apoiarse polas pistas pedregosas.



inscrición: 981 404 006 ou no correo “daniel.feijoo@moeche.es”. **Prazo ata o 28 de xullo.**

## PATRIMONIO

### RUTAS XEOLÓXICAS EN MOECHE

Nos meses de xullo e agosto dende o concello organizaremos novas rutas xeolóxicas para dar a coñecer o noso patrimonio, todas guiadas polo xeólogo Francisco Canosa, un gran experto na materia e coñecedor do noso contorno.

**Xeorruta na Mina Piquito:** 10 persoas en cada grupo.

**Nesta ruta é necesario que se leven botas de auga, lanterna e casco. O uso do casco será obrigatorio para entrar na mina.**

10/07/2016: 1º grupo de 16.00 a 18.00 h e 2º grupo de 18.00 a 20.00 h.

07/08/2016: 1º grupo de 10.00 a 12.00 h e 2º grupo de 12.00 a 14.00 h.

A mina foi pechada nos anos 60 e dela extraíase cobre, na actualidade pódense observar formacións de estalactitas e estalagmitas de cor verde, azul, branca, marrón e negra que estiveron no fondo do mar hai preto de 400 millóns de anos.

**Ruta do Toelo:** prazas limitadas para 25 persoas. 31/07/2016: de 17.00 a 19.30h. – 13/08/2016: de 11.00 a 13.30h.

A pedra de toelo é un dos materiais ornamentais máis exclusivos que ten Galicia. É unha rocha de fermosa cor verde que foi obxecto de explotación en numerosas canteiras de Moeche dende o século XIX. **Prezo:** 4€ (residentes 2€) Información e inscricións no departamento de Cultura chamando ao 981404006 ou en enviando unha mensaxe a [correo@moeche.es](mailto:correo@moeche.es)



## ACTIVIDADES DAS ENTIDADES CULTURAIS E VECIÑAIS

### III SLALOM CONCELLO DE MOECHE

Sábado 16 de Xullo.

A Escudería Moeche organiza o 3º Slalom Concello de Moeche, puntuable para o Campionato Galego de Slalom. Dende o 13 de xuño ao 13 de xullo ás 20.00 h está aberto o prazo de inscricións.

A organización repartirá un total de 930€ en premios e trofeos para as seguintes categorías: 6 primeiros da clasificación xeral 3 primeiros de cada unha das 6 agrupacións existentes Trofeo de Debutantes

Trofeo Feminino - Motor Ortegal

Trofeo de Vehículos Históricos - OrtegalOil Moeche

Trofeo de Vehículos Renault - Talleres Ramos

Aproveitamos tamén para informar a todos os veciños que estarán pechadas ao tráfico rodado as estradas principais (Rúa da feira, Avda Real Club Deportivo da Coruña e a rúa Andrés Pérez Soto ata Supermercado Claudio) así

como todo o recinto feiral, dende o venres 15 ás 23.59 h ata o domingo 17 ás 12.00 h. Dende a organización notifican que para os veciños residentes, coma o resto dos anos se vén facendo, estará habilitado un aparcadoiro enfronte do Bar Sixto.

Para calquera dúbida os organizadores do evento estarán á vosa disposición nos seguintes teléfonos: Moisés: 659 468 516; Marta: 620 338 153



**A.VV. Val de Moeche**

### A.VV. VAL DE MOECHE

RUTA DE SENDEIRISMO E XANTAR

**Data:** 09/07/2016

**Hora:** 09.30 – 14.00

**Lugar:** Área Recreativa Souto Grande (San Xurxo)

A asociación de veciños Val de Moeche fará unha camiñada que rematará cun xantar na Área Recreativa Souto Grande. O percorrido da camiñada comezará ás 09.30 h. na área recreativa e saíran cara Vigo, Folgosa, Lamas e volta por Beleiriz, San Marcos e cara a área recreativa. O xantar estará amenizado co grupo **“No Cómbaro”**.

As inscricións pódense facer chamando ao 981 404 107 ou 696 944 914



### A.VV. LABACENGOS

CHURRASCADA.

**Data:** 09/07/2016

**Hora:** 14.30 h.

**Lugar:** nave do Ventoeiro

A Asociación de veciños de Labacengos organiza a xa tradicional churrascada de inicio de verán. Menú costela, liscos, criollos e cachelos e bebida; torta caseira, café e chupito

**Prezos:** soci@s 9 € non soci@s 12€ menores de 12 anos: Gratis



## CLASES DE ZUMBA

Como no verán non podemos baixar a forma, a asociación de veciños de Labacengos danos unha opción moi movidiña para non perder o ritmo.

Todos os luns ata finais de setembro clases de zumba no Ventoeiro en horario de 20.30 a 21.30 h. **Prezos:** soci@s 8 €/mes; non soci@s 10€ /mes.



## OBRADOIRO DE FLORES NATURAIS

**Data:** 19/07/2016 **Hora:** 18.30 **Lugar:** nave do Ventoeiro (Labacengos).

Aproveitando as preciosas flores que nos dá este tempo, haberá un obradoiro de flores naturais no que se poderá aprender a facer distintos tipos de xardinería, centros de mesa, *bouquet*, agasallos, etc.

As inscricións a todas estas actividades pódense facer chamando ao 606 729 038



## ASOCIACIÓN ECUESTRE 23 DE ABRIL

O pasado 2 de xullo no recinto feiral de San Ramón, tivo lugar a segunda carreira do II Campionato de Andadura cun total de 37 participantes e 44 cabalos. Non esquezades que o campionato continúa e **o vindeiro 6 de agosto ás 16.00 terá lugar a terceira carreira.** Os interesados en participar non tedes máis que achegarvos alí antes das 16.00 h. para inscribivros.

## ASOCIACIÓN CULTURAL IRMANDIÑOS DE MOECHE

### II ENTROIDO IRMANDIÑO

O vindeiro sábado 9 de xullo arredor das 9.30 h. da noite no Castelo de Moeche dará comezo a segunda edición do Entroido Irmandiño. A noite estará amenizada cunha actuación musical e as consumicións estarán acompañadas cuns pinchiños.

Todos aqueles que acudan disfrazados entrarán no sorteo dun premio para o mellor disfraz da noite!! Animádevos a vir a pasar unha noite especial nas fermosas paraxes do noso castelo.



## OUTRAS CONVOCATORIAS E AXUDAS

### CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A PLANTACIÓN DE CASTIÑEIRO PARA FROITO

A Consellería de Medio Rural publicou a Orde do 22 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o establecemento de sistemas agroforestais.

**Obxecto:** axudas, de ata o 80% (sen IVE), ao establecemento de sistemas agroforestais, para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito. P

Persoas beneficiarias: persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares das parcelas.

Prazo de solicitude: **27/07/2016.** Máis información no DOG núm. 120, do 27/06/2016

### ORDE DO 4 DE XUÑO DE 2016 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DENTRO DO PLAN ESPECÍFICO EXTRAORDINARIO DE INVESTIMENTOS.

**Destinatarios:** asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais.

**Obxecto de subvención:** investimentos realizados en inmobles de titularidade veciñal ou sobre os cales a entidade solicitante ten un dereito de uso por convenio ou por calquera outro título, así como equipamentos necesarios para o seu funcionamento, ou para a mellra da vida veciñal, incluídos os camiños veciñais e as traídas de auga veciñais.

**Prazo de solicitude:** 27 de xullo de 2016. Máis información: DOG núm. 120, do 27/06/2016